

CAMIÑANDO ENTRE MULLERES

Do [25N](#) ao [8M](#), pasando polo [11F](#)

TAREFA 1. MULLERES PERIÓDICAS

Para celebrar o 11F, publicaranse na [páxina web do centro](#), na revista [Bico da ría](#) e na [Aula Virtual](#) dúas táboas periódicas:

- Táboa periódica en galego
- Táboa periódica das galegas

Na segunda atoparanse enlaces cos nomes e apelidos das mulleres cuxas iniciais son os símbolos dos elementos químicos. Premendo neses enlaces accederase a toda información arredor desas mulleres.

FONTES:

- [Táboa periódica das científicas](#)
- [Táboa periódica de CienciaNosa](#)
- [Táboa periódica da Galipedia](#)
- [Álbum de mulleres](#) (Consello da Cultura Galega)

CAMIÑANDO ENTRE MULLERES

Do [25N](#) ao [8M](#), pasando polo [11F](#)

TAREFA 2. MULLERES BIOART

Están penduradas no tendal brevísimas biografías e fotos das 100 galegas recollidas no Álbum de mulleres do Consello da Cultura Galega.

Cada alumn@ poderá escoller unha muller e deixar a pinza vacía, para elaborar un produto artístico (collage, poema visual, montaxe, debuxo...) a partir do documento informativo escollido.

Unha vez elaborado, pendurará o produto artístico no lugar que ocupara a páxina do álbum dedicada á muller escollida.

É importante que se realice a acción artística sinalando claramente:

- O nome da muller
- As datas de nacemento e morte
- As palabras claves que @ alumn@ queira destacar
- O nome d@ alumn@ e o curso ao que pertence

FONTES:

- [Álbum de mulleres](#)
- [100 mulleres](#)

CAMIÑANDO ENTRE MULLERES

Do [25N](#) ao [8M](#), pasando polo [11F](#)

TAREFA 3. MULLERES BIOTIL

O profesorado do **equipo TIL** (Tratamento Integrado de Linguas) propón aos docentes das materias lingüísticas que animen ao alumnado a investigar na procura de mulleres na historia das culturas das súas linguas respectivas.

Cada alumn@ escollerá unha muller significativa na Historia do estado ao que pertence esa lingua e elaborará unha brevíssima biografía acompañada dunha fotografía da persoeira. Realizará esta tarefa na lingua correspondente.

Posteriormente creará un produto artístico deconstruíndo esa biografía, realizando un *collage* semellante ao da TAREFA 2. Neste caso a lingua utilizada será o galego.

FONTES:

- [Mujeres en la Historia](#)
- [Mujeres con ciencia](#)